

INTRODUCCIÓN

Como proposta para un obradoiro literario, presentamos un catálogo de actividades que pretenden dotar aos alumnos de recursos e técnicas alternativas para incorporalas ao seu labor como aprendices de lingua galega.

Toda proposta de taller de escritura, parécenos un proxecto idóneo para desenvolver, xa que reforza e potencia de maneira máis lúdica ou divertida actividades levadas a cabo na aula.

Agrupamos as propostas de traballo en distintos bloques:

- * ¿Qué é a literatura?

- * A literatura de tradición oral. Contos e lendas.

- * A narrativa. A novela. Introducción

 - Compresión e expresión

- * A poesía. Recursos literarios

 - Formas

 - A recreación da poesía a través da música

 - Tipo loxía

- * O teatro. Tipos

 - Representación

- * O cómic. Introducción

 - Comprensión

 - Creación

- * Actividade final. Creación dun conto a través de imaxes.

Cada un deste bloques está enfocado en exercicios prácticos centrados no contido, na comprensión, nas formas de expresión (a linguaxe literaria), e principalmente na creación, a través da imaxinación, dos diferentes textos literarios estudados.

Mais sen dúbida algunha, a finalidade última do obradoiro é fomentar a lectura e a escritura en galego entre os máis novos.

ACTIVIDADE 1: ¿Qué é a literatura?

A pomba-carta

E por fin un día dixo a mestra:

—Harmonía, maña virá o teu amigo León.

Harmonía pensou que o corazón lle escapaba do peito e que todos ían oír-las bateladas que daba. Alegrouse de que Rosa atraese a atención da mestra, batendo as mans moi contenta:

—¡Ai, que ben, que ben, que xa volve León!

Aquela noite Harmonía durmiu mal, inqueda. Soñou moito. Viu a carta que lle escribira ós pais como se fose unha pomba. Era unha carta con ás e cabeza de pomba, ou unha pomba con corpo de carta, igual daba. Ia voando e, dende a terra, homes con uniformes e fusís tiraban contra ela e feríana. O sangue gotexaba do peito da pomba-carta, pero ela seguía adiante. Faltaba xa pouco para chegar a onde estaba súa nai de enfermeira, e a pomba avanzaba a saltinhos pequenos, medio a rastro, porque xa non lle quedaban forzas para voar. Case tiña chegado cando lle saíron ó camiño uns cans que se lanzaron contra ela. A pomba-carta aínda conseguiu remonta-lo voo, levantándose do chan pouco a pouco, pero voaba moi baixo e os cans brincaban cara a ela e arrincábanlle plumas das ás e da cola, ata que, cun derradeiro esforzo, logrou subir un pouco máis arriba, onde non chegaban os cans... e entón Harmonía espertou, toda suorenta e angustiada. Bebeu un pouquiño de auga para serenarse, pero, cando volveu durmir, os pesadelos seguiron e soñou con León: traíano entre dous homes vestidos de branco coma se fose un tolo, e plantábano no medio do patio da estola con tódolos nenos ó redor, e ela tiña que achegarse a el para darlle algo, non sabía qué era, pero levaba algo nas mans para el, e íase achegando a modo cos brazos estendidos para que vise o que lle levaba. E ó chegar cabo del, León pechaba os ollos e tapaba a cara coas mans e dicía: Non quero nada dela; non a coñezo... Así pasou toda a noite, soñando coa pomba-carta e con León, e cando as primeiras luces do día asomaron polas fendas das contras, Harmonía xa estaba esperta.



Marina MAYORAL
Tristes armas
(Adaptación dos autores)
Xerais

Contido e comprensión do texto

1. Fai un breve resumo do que acontece neste texto.
2. Ás veces reflectimos nos nosos sobos aquilo que nos preocupa, ¿qué cres que lle preocupa a Harmonía tendo en conta o seu sobo?

Formas de expresión: a linguaxe literaria

3. *"Harmonía pensou que o corazón lle escapaba do peito e que todos ían oír-las bateladas que daba"*, ¿cres que esta sensación está ben descrita coas palabras do texto? Explica por que.
 4. Na frase anterior as palabras están ditas non en sentido real -o corazón non pode fuxir do peito-, senón en sentido figurado. Intenta xunto cos teus compañeiros elaborar frases con sentido figurado coas cousas que vos suceden habitualmente. (A cara é os espello da alma. Co tempo, maduran as uvas)
- Creación.
5. Redacta un texto no que contes un soño procurando que apareza algunha frase con sentido figurado. Tomarás como fonte de inspiración o seguinte texto:

Os peixes voadores

Debín estar así algún tempo. Quizais quedei sen sentido, porque do que si me acordo é de espertar e refregar os ollos, e de espreguizarme coma se espertase dun soño. O meu corpo parecía máis lixeiro, pero ao mesmo tempo movíase con máis dificultade. Estaba nunha parte do río que nunca vira. Os pés enterrábanse na lama e había plantas finísimas que non entendía cómo se podían manter en pé, e sen embargo parecían subir máis arriba de onde as divisaban os meus ollos.

Seguín camiñando sen saber a onde me dirixía e decidín sentar nunhas pedras porque, aínda que o meu corpo semellaba que pesaba pouco, cansábame moito moverme dun lado para outro.

De súpeto vin un estraño paxaro que andaba enredándose nas plantas finísimas, aínda que teño que confesar que era un paxaro que voaba dunha maneira moi rara. E, por certo, tiña as ás moi pequenas. Semellaba moi ensimesmado no que facía e aproximábase a min.

Cando me viu detivo o voo. Miroume abraiado pero, para pasmada eu, aquilo non era un paxaro, era un peixe. Abriu os ollos tanto que semellaba que lle ían saír fóra e, de súpeto, desapareceu da miña vista. Non me deu tempo a preguntarlle qué facía alí. ¡Claro! Era un dos peixes voadores. Tiña que atopalo e falar con el. Poderíalle dar a mensaxe a el en vez de ter que pescar un peixe.

Tratei de segui-lo, pero da maneira tan torpe na que me estaba movendo resultábame imposible poder ir atrás del. Nun santiamén, albisquei ao lonxe unha tropa de peixes voadores que se dirixían cara a min. Logo chegaron e rodeáronme. Era a grea de animais máis rara que nunca vira. De súpeto, un adiantouse e, por esa boquiña miúda que teñen os peixes, dixo:



—Animalá escamasnon facendo río-correndo...

—Facendo río-correndo?—preguntei estrañada pola estraña pregunta.

—Burlando... Animala escamasnon respondendo: ¿Facendo río-correndo? berrou o peixe todo o que un peixe cunha boca tan pequena pode berrar.

—Eu non me estou burlando e tampouco estou correndo. Estaba sentada cando o peixe voador chegou aquí e escapou correndo. Os que vos estades burlando sodes vós, que falades un galego tan raro.

—Falando? ¿Galego raro?—dixo o peixe que se dirixía a min.

Xelís de TORO
A porta dourada
Sotelo Blanco

ACTIVIDADE 2: A literatura de tradición oral. Contos e lendas.

A lenda do monte Monfadal

Tense por certo que a véspera do día de San Xoán, pola noite, xúntanse no lugar de Monfadal, na respaldeira do monte do Padomelo, tódalas meigas da bisbarra de Mondoñedo, e tamén as de Vilanova de Lourenzá e de toda A Mariña ata Ribadeo. É día en que, ás doce xustas, untadas con touciño e montadas en vasoiras de xibarda, collidas da man dereita cada dúas, saen polos aires e pasan por derriba das casas de Mondoñedo, soben o vello camiño da Infesta, atravesan polo medio e medio do monte de Cabana de Vella, beben auga na fonte da parroquia de Espiñarcao e guíndanse no monte Xistral, onde coas meigas do Valadouro, de Viveiro, de Vilalba, de Meira e douttas partes fan o reparto das moscas e as pulgas.

En Mondoñedo son moitos os que din que teñen sentido pasa-las meigas para o Xistral.

Contan que viron vir de alí unha noite de San Xoán dacabalo das Búas vasoiras á meiga Farruca dos Bobolos e á meiga Bolera, as cales fixeron unha parada nun lousadp da cidade, namentres botaban lume pola boca ó tanto que rombaban como nespras. E tense tamén por cousa certa de todo punto que ó outro día do San Xoán hai moitos máis moscas e pulgas que neste día.

Eduardo LENCE SANTAR
Etnografía mindoniense
(Adaptación dos autores)
Follas Novas Edicións



Contido e comprensión do texto

1. Cos axuda dun atlas de Galicia busca nos concellos de Mondoñedo e do resto do norte de Lugo os lugares, parroquias e montes que se citan na lenda. Debuxa despois un pequeno mapa onde marques o percorrido que fan as meigas esa noite de San Xoán.

Creación

2. Elabora a túa propia lenda. Inventa unha historia que explique, en dez liñas, o nome do lugar no que vives. Non esquezas que debes aparentar credibilidade, así que fai que a túa imaxinación pareza o máis e lóxica posible.

ACTIVIDADE 3: A narrativa. A novela (I)

Dentro da narrativa entendida como xénero literario existe un importante subxénero propio da literatura culta: a novela (o outro subxénero é o conto, do que se falará no tema seguinte).

Unha novela é unha narración longa de sucesos ficticios que se desenvolven nun marco espacio-temporal ben caracterizado e que está protagonizada por personaxes con entidade de seu.

Segundo o tema ou temas principais dos acontecementos desenvolvidos na narración, adóitase falar de subxéneros novelescos como novela romántica (tema amoroso), novela histórica (tema histórico), novela de aventuras, novela de misterio, novela de ciencia-ficción, etc.

Aínda que a novela como xénero literario nace a finais da Idade Media, na literatura galega as primeiras novelas datan do século XIX. A primeira en galego, Maxina ou a filla espúrea de Marcial Valladares Núñez, publicouse en 1880. A esta seguiron outros títulos como *A tecedeira de Bonaval* (1894), de Antonio López Ferreiro; *Campaña de Caprecórneca* (1898), de Luís Otero Pimentel ou *A cruz de salgueiro* (1899), de Xesús Rodríguez López.

No século xx o xénero acadou a súa plenitude na nosa literatura da man de autores como Ramón Otero Pedrayo, *Os camiños da vida* (1928), *Arredor de si* (1930)...; Álvaro Cunqueiro, *Merlín e familia* (1955), *Se os vello Sinbad volvese ás illas* (1961)... ou Eduardo Blanco-Amor, *A esmorga* (1959), *Xente ao lonxe* (1972).

Hoxe en día a novela está ben instalada na nosa literatura, feito que se demostra porque nela teñen acollida os mesmos subxéneros que noutras literaturas da nosa contorna. Un dos autores contemporáneos que máis sona está a acadar nos últimos tempos e, mesmo fóra das nosas fronteiras, é Manuel Rivas con novelas como *O lapis do carpinteiro* (1998).



Ramón Otero Pedrayo.



Eduardo Blanco-Amor.



Álvaro Cunqueiro.

1. Buscade o nome de cinco novelistas galegos contemporáneos e o título de dez novelas. Organizádevos en grupos e facede un breve resumo argumental de cada unha.

ACTIVIDADE 4: A narrativa. A novela (II)

Os grandes

Debe ser boa cousa chegar a grande. Os grandes son donos de si e do mundo. Fan e desfán, gobernan, arman o merlo con guerras, negocios e canta trangallada hai. Pero, como di a madriña, «non sempre é ouro o que reloce». Os grandes teñen as súas tristuras e desacougos. E ás veces inda nos gañan en rapazadas. De non ser así non se encabuxarían cando lles sinalamos algo que está mal.

Se pelexamos entre nós, métense eles. Non se decatan de que as nosas liortas son namais que enredos. Rabuñámonos agora e de aquí a un chisco estamos amigos outra vez. Fan de xuíces e zoscan a quen cadra e como cadra, sen pescudas. As nosas mans son pequenas e non magoan; as deles pesan, fan dom. Se aprendesen de nós non irían á guerra. Na guerra mátanse uns ós outros sen saber as máis das veces polo qué. Disque guindan casas, pontes, e ¡que sei eu! Semella un xogo.

Pero un xogo con sangue e morte. E despois falan de «educa-los rapaces»....

Nós vimos ó mundo cunha alforxa de preguntas. As cousas énrannos polos ollos, polo nariz, polas orellas, e queremos aprende-lo seu nome e significado. Mais non sempre o logramos. Os maiores cánsanse e fannos calar, ou arrédannos con algunha astucia, do que teimamos saber. Calamos. Porque é perigoso non calar a tempo. E calquera día en calquera lugar, facémoslle a pregunta a calquera. O que debían dicirnos nosos pais dínolo un alleo. Un alleo que tal vez nos guíe mal. E irá levedando a nosa vida con formento de fóra, emprestado.

Eu cavilo nesto porque me aconteceu. E acontécelle tódolos días a moitos rapaces por aí adiante. Os grandes esquecéronse de cando eles eran pequenos. Se esculcasen os nosos ollos desandarían a tempo. Pero dedícanse a outros problemas e non fan caso de nós.

Xosé NEIRA VILAS
Memorias don neno labrego
(Adaptación dos autores)
Edicións do Castro



Contido e comprensión do texto

1. O protagonista intenta transmitir as súas preocupacións e dúbidas na súa relación "cos grandes", así como a súa visión deles. ¿Quen son "os grandes"? ¿Cales son as principais preocupacións do protagonista en relación con eles?
2. No último parágrafo o protagonista afirma que o que lle acontece a el tamén lles acontece a outros rapaces. ¿Compartes ti as ideas expresadas polo protagonista?

Formas de expresión: a linguaxe literaria

3. No texto aparecen as expresións: "Os grandes (...) aman o merlo con guerras, negocios e canta trangallada hai", "Nós vimos ao mundo cunha alforxa de preguntas", "E irá levedando a nosa vida con formento de fóra, emprestando". Estas expresións son *metáforas* porque as palabras están usadas en sentido figurado, e non en sentido real. Intenta expresar o que queren dicir con outras palabras.

ACTIVIDADE 5: A poesía. Recursos literarios (I)

1. Intenta averiguar que recurso literario aparece nas seguintes composicións:

O vento *pregúntalles* ás árbores..

Séntese *cantar* o río...



Virán os lobos,
lombos de lobos,
ollos de lobos.




¡Quen puidera, *miña amada*,
contemplantarte noite e día!



Sabedes vós, *estrelas desta, noite*,
como atopa-lo camiño perdido?

Virás?, díxenlle.
Virei!, respondeu.

Por que non vén ela?
Porque non me quere.



O reloxo emitía
un longo *tic-tac, tic-tac*.

Deron na porta
un suave *toc-toc*.

E cantou o galo
seu *quiquiriquí*.

Sentín ó meu lado
un mainiño *cof-cof*.



¿Sabedes o que *doe*
a *súa ausencia*?
Non podemos aturar
estarmos separados.

Non me canso de preguntar
¿*por que marchou do meu lado*

A onomatopea consiste na imitación fónica* de sons reais

A aliteración é a repetición dun ou varios fonemas, que pretende evocar determinadas sensacións.

A prosopoea ou personificación consiste en atribuírlles calidades propias de seres animados ou humanos a elementos que non o son.

A apóstrofe consiste nunha evocación ou interpelación a un elemento, humano ou non humano.

A interrogación retórica serve para enfatizar unha afirmación, que se coloca en forma interrogativa, sen esperar resposta.

A suxeición dáse cando a pregunta aparece inmediatamente respondida na composición.

2. Agora é o teu turno. Elabora exemplos dos recursos retóricos que acabas de ver.

3. Un paso máis adiante. Constrúe un poema no que empregues varios (os que queiras) destes recursos (por grupos)

ACTIVIDADE 6: A poesía. Formas (II)

Os versos forman agrupacións que teñen en común un sistema de rima e un cómputo silábico fixos. Estas agrupacións reciben o nome de estrofas. As estrofas poden ser isométricas (cando tódolos seus versos teñen o mesmo número de sílabas) ou heteronométricas (cando non o teñen).

Ó longo da historia da lírica foron xurdindo moitos tipos de estrofas que se foron cultivando con maior ou menor éxito: de dous versos, de tres, de catro, de cinco, de seis, de sete, de oito, de dez... A continuación cítase algún exemplo de cada unha: pareado (dous versos que riman entre si), terceto (tres versos de arte maior e de rima variable), cuarteto (catro versos de arte maior con rima abrazada), redondilla (catro versos de arte menor con rima abrazada), quintilla (cinco versos de arte menor con rima variable), lira (cinco versos, dos que o 2.º e o 5.º son hendecasilabos e o resto heptasilabos), sextilla (seis versos de arte menor), setina (sete versos de arte menor), octavilla (oito versos de arte menor, xeralmente octosílabos, de rima variable), oitava real (oito versos hendecasilabos que riman ABABABCC)...

¡Galicia! Nai e Señora,
sempre garimosa e forte;
preto e lonxe; onte, gora,
mañán... na vida e na morte!

Ramón CARANILLAS
(Redondilla)

Chega hastra min, profunda
como a tétrica queixa lastimada
de cerva moribunda,
solouzante e cansada,
a vos dorida da muller amada

Manuel CURROS ENRIQUEZ
(Lira)



Roxiña cal sol dourado,
garrida cal fresca rosa,
iba polo monte hermosa
co branco pe descalzado...
Copo de neve pausado,
deslumbrando á luz do día,
tan branco pe parecía.

Rosalía DE CASTRO
(Setina)

1. Facede agora un pequeno concurso poético. Organizádevos en catro ou cinco grupos; os alumnos de cada grupo deberán elaborar un exemplo de cada unha das estrofas que citamos. Agora ben, tede en conta que canto máis longa sexa a estrofa, maior será a puntuación.

ACTIVIDADE 7: A recreación da poesía a través da música. Dous casos (III)

O meu amor mariñeiro

Meu amor é mariñeiro
e vive no alto mar;
son os seus brazos o vento
ninguén llos pode amarrar.

Meu amor é mariñeiro
e cando me vén falar
por un caravel nos beizos
no corazón un cantar.

*Eu son libre como as aves
e paso a vida a cantar;
corazón que nace libre
non se pode encadear.*

Trajo un navío nas veas
eu nacín para mariñar:
quen tente pórme cadeas
hame primeiro matar!

Vale máis ser libre un día
no confin do bravo mar,
que vivir toda a vida
preso, escravo e a calar!

El vive alá lonxe, lonxe,
onde brúa o bravo mar,
e coa súa forza inmorrente
onda nós ha de voltar!

*Eu son libre como as aves
e paso a vida a cantar;
corazón que nace libre
non se pode encadear.*

Nun momento, de repente,
eu sei que un día vira,
como se o mar e o vento,
en nós abrise a cantar.

*Hei pasar polos lugares
como o vento no areal,
abrir tódalas ventás
coa escravitude acabar!*

Polas rúas das cidades
hei de pasar a cantar,
traendo na man dereita
a espada da libertá.

Como se un navío entrase
de súpeto na cidade,
traendo a voar no mástil
bandeiras de liberdade!

*Hei pasar polos lugares
como o vento no areal,
abrir tódalas ventás
coa escravitude acabar!*

Fuxan os ventos
Quen a soubera cantar
(Adaptación dos autores)
Clave records



Contido e comprensión do texto

1. Nesta canción alternan dúas voces, unha en primeira persoa e outra en terceira; identifica as estrofas de cada unha delas.
2. ¿Cada unha destas voces conta unha historia distinta ou, pola contra, estamos diante da mesma historia? Xustifica a túa resposta.

Formas de expresión: a linguaxe literaria

3. Nesta canción preséntanse os mesmos recursos ca unha composición poética, coma a rima ou as figuras retóricas. Identifica o tipo de rima.
4. Hai dúas figuras retóricas moi utilizadas nesta composición, a *metáfora* e o *símil*. Identifica os lugares onde se utilizan. Intenta buscar o elemento real substituído en cada unha delas.

Eu quería...

Eu quero trocar-me en ti
paisaxe da miña terra,
quero ceibar miña anguria
pola túa cabeleira.

*Ser carballo antre os carballos,
ser néboa coas túas néboas.*

Ser maina chuvia a caír
polas congostras tolleitas,
ser ponla reverdecerte
e na miña ponla tenra.

*Que aniñara un rousiñol
e ese rousiñol quixera*
Tamén ser eu...ou ser río
con beizos de auga na terra...

Que morro de soedá
e ista soedá anceia
fuxir de sí i afundirse
co que na terra latexa:

Eu quero trocar-me en ti
paisaxe da miña terra,
quero ceibar miña anguria
pola túa cabeleira.

*Ser carballo antre os carballos,
ser néboa coas túas néboas.*

Mais solo a morte podrá
facer da miña alma Terra.
Entón serei cinza azul
ceibe xa nos brazos dela.

Antón Tovar

Non

Anxo Rei

A rabela da pluma (versos de Antón Tovar)

Contido e comprensión do texto

1. ¿Cantas voces podes identificar nesta canción? Xustifica a túa resposta

Formas de expresión: a linguaxe literaria

2. Tamén nesta canción preséntanse os mesmos recursos ca unha composición poética, coma a rima ou as figuras retóricas. Identifica o tipo de rima.

3. Hai dúas figuras retóricas moi utilizadas nesta composición, a *metáfora* e o *simil*. Identifica os lugares onde se utilizan. Intenta buscar o elemento real substituído en cada unha delas.

Creación

4. ¿En que forma vexetal ou animal estarías disposto/a a transformarte por un día? Xustifica *liricamente* a túa resposta para os teus compañeiros. Podes usar distintas figuras retóricas, tomando como exemplo o poema de Antón Tovar musicado por Anxo Rei.

ACTIVIDADE 9: A poesía. Tipoloxía (IV)

1 A poesía: tipos

En primeiro lugar, cómpre sinalar que non existen temas exclusivos da poesía lírica, xa que tódolos elementos do mundo poden servirllle de inspiración ó poeta. O que si é certo é que ó longo da historia da literatura a poesía foise manifestando preferentemente en dous sentidos:

- 1.º A poesía subxectiva: aquela na que o poeta se centra no seu mundo interior, expresando os seus sentimentos: *amor, desamor, pesar, temor, inquietudes, dúbidas...*
- 2.º A poesía obxectiva: aquela na que o poeta pon a súa atención no mundo que o rodea para describilo. A *poesía paisaxística* é aquela na que se describe unha paisaxe, para denunciar algún feito emprégase a chamada *poesía de denuncia*, para expresa-lo seu acordo ou desacordo con algún acontecemento está a *poesía de circunstancias*), etc.

Xa dende os seus inicios a literatura galega presenta exemplos dos dous grandes tipos de poesía: na Idade Media o amor era o tema das cantigas *de amor e de amigo* e nas *cantigas de escarnio* o poeta daba boa tonta dos acontecementos da sociedade da época. Na época moderna pódese atopar na nosa poesía toda a gama posible de subtipos poéticos: *amorosa, de denuncia, paisaxística...*, ás veces nun único autor.

Xaneiro 1972, II

Cando quero vivir digo Moraima. Digo Moraima cando semento a espranza. Digo Moraima e ponse azul a alba.	cando a anguria me abafa. Digo Moraima e ponse a mar en calma.
Cando quero soñar digo Moraima. Digo Moraima cando a noite é pechada. Digo Moraima e ponse a luz en marcha.	Cando quero surrir digo Moraima. Digo Moraima cando a maña é crara. Digo Moraima e ponse a tarde mansa.
Cando quero chorar digo Moraima. Digo Moraima	Cando quero morrer non digo nada. E márame o silencio de non dicir Moraima.

Celso Emilio FERREIRO
Onde o mundo se chama Celanova
 Editora Nacional

Celso Emilio Ferreiro.

1. ¿A que tipo de poesía pertence este poema? ¿ Cal é o seu tema?
2. Busca na poesía galega outros exemplos de poesía obxectiva e de poesía subxectiva.
(Internet, biblioteca e mestra)

Campanas de Bastabales

*Campanas de Bastabales,
cando vos oio tocar,
mórrome de soidades.*

Cando Vos oio tocar,
campaniñas, campaniñas,
sin querer torno a chorar.

Cando de lonxe vos oio,
penso que por min chamades,
e das entrañas me doio.

Dóime de dor ferida,
que antes tiña vida enteira
ihoxe teño media vida.

Sólo media me deixaron
os que de aló me trouxeron,
os que de aló me roubaron.

Non me roubaron, traidores,
iaí!, uns amores toliños,
iaí!, uns toliños amores.

Que os amores xa fuxiron,
as soidades viñeron...
De pena me consumiron.
[...]

ROSALÍA DE CASTRO
Cantares gallegos
Sotelo Blanco




1. Recitade o poema en grupos. ¿Quen é o/a seu/súa autor/a?
2. Na composición o/a autor/a usa como voz poética a primeira persoa, ¿é isto completamente certo? Xustifica a túa resposta?
3. ¿Cal é o argumento desta composición? ¿Estamos diante de poesía subxectiva ou obxectiva?
4. ¿Qué tipo de substantivo é *Bastabales*? Busca na biografía da autora algún dato que a relacione con esta palabra.
5. Identifica as características métricas e os recursos retóricos que aparecen neste poema

* Antes de finalizar coa sesión de poesía, farei referencia a poetas da comarca, ou que residiron na zona, como Luísa Villalta ou Manuel Lugo Freire.


ACTIVIDADE 10: O teatro. Tipos. (I)

1 O teatro: tipos

Para saber máis
Destinado, fundamentalmente
ó público infantil hai tamén
teatro de monicreques,
no que representan as
historias uns bonecos ós
que lle poñen voces os
actores ó mesmo tempo
que os manipulan sobre un pe-
queno estaribel.



Monicreques.



O texto teatral escrito en galego máis antigo que hoxe conservamos é A contenda dos labradores de Caldelas, tamén chamada O entremés famoso sobre a pesca no río Miño do ano 1671. O seu autor foi Gabriel Feixoo de Araújo.

Os gregos foron o primeiro pobo que tivo teatros. A palabra drama en grego significaba «acción» e nas obras dramáticas representaban accións opostas entre si por conflitos entre os personaxes. Os gregos tamén tiñan musas, que eran fillas dos deuses e inspiraban ós artistas. A musa que inspiraba ós autores teatrais era Talía.

As traxedias tratan temas históricos, lendarios, sociais ou relixiosos de importancia e acostuman rematar coa morte dun ou máis personaxes e case sempre do protagonista.

As comedias buscan facer rir ó espectador con tramas ou personaxes cómicos. Máis tarde creouse un novo xénero que mestura elementos de ámbalas dúas, a traxicomedia.

BERNARDO.—¡Non chamedes a ninguén, prégovolo! Non quero que me vexan neste trance, coa deshonra de morrer desangrado como unha fera no cepo. Despois de loitar na campaña de Nápoles dou con este inimigo traidor, que silandeiro agardaba entre os arbustos...

ELIANA.—¡Arbustos non, que son esas endiañadas nabizas...!

BERNARDO.—¡As nabizas! Qué grotesco. Morrer a causa dunhas verduras esmaltadas... ¡Eliana!

Roberto SALGUEIRO
Eliana en ardentia ou Bernardo destemplado
Xerais

En épocas máis recentes apareceron os dramas, que tratan conflitos habituais na vida das persoas e intentan representa-lo que nos sucede a calquera de nós no día a día.

ESTHER.—¡Quita iso, fai o favor! ¡Rómpeme a cabeza! [...] O rock estanos facendo un fraco favor. Estimula que os corpos deixen de tocarse, enche o mundo de ruído e impide que o susurro na orella siga a ser unha forma de seducción ao alcance de calquera cristián.

XAN.—¡Parvadas!

MONCHO.—¡De parvadas, nada! Onde se poña un bo mambo que se quiten os Beatles, ou os Rolling, ou toda esa morrallada que os imita agora.

Roberto VIDAL BOLAÑO
Rastros
Positivas

1. Inventa e engádelle unha nova escena a calquera dos dous textos. Non esquezas realizar as anotacións oportunas.

2. Busca información sobre compañías teatrais actuais.

ACTIVIDADE 11: O teatro. Representación. (II)

A escea desenrólase na botica. Cundo se ergue o pano aparece Lela debruzada no mostrador, apreixando unha botelliña na man, e o boticario —tamén debruzado— a falar con Lela. Trátase de representar un palique amoroso.

Lela: Eu non sei que me dá este home... porque xa fai moito tempo que debía estar na casa.

O boticario: Pois calisquera día douche un feitizo de namorar e vólvote toliña. ¡Como me chamo Saturio que o fago!

Lela: ¡Eso sería unha traiduría...

O boticario: ¡Así Deus me salve como che reviro o sentido cun bebedizo!

Lela: ¡Con non tomar xaropes desta botica...!

O boticario: Tamén che podo dar polvos seguidores, ou píldoras de malicia, que son máis ardentes.

Lela: ¡Vaite, vaite con Don Saturio, que quer chegar polo atallo...! ¿I entón, vostede xa non atopa maneira de namorar polar boas...?

O boticario: Os peixes e as mulleres cóllense con artimañas... ¡E como eu xa vou indo algo vello...!

Lela: Un vello raposo e con moita experiencia; pero a min non me colle, non. Se fose un boticario legal e honrado... veríamos...

O boticario: Pois... queréndome polas boas xa non che fago a traiduría. ¡Ti escolle!

Lela: Tanto como querer aínda non o dixen eu; pero, quen sabe...! Despreciéi moitos mozos —¡ai eso sí! — porque os amoríos gastan o corazón e chuchan o siso. A min gustaríame un home... un home...

O boticario: Un home feito e dereito, con cabeza ben asísada.

Lela: Para casar non me levaría ningún tulitates.

O boticario: Entón eu son o tal.

Lela: Non digo tanto; pero hainos peores. Vostede... vostede... é un honre de moito mérito... Con moita calva —esa é a verdade.

Alfonso R. Castelao
Lance 1

Os vellos non deben de namorarse
Editorial Galaxia

1. ¿Quen son os personaxes que dialogan neste texto? ¿Qué relación ou que conflito cres que existe entre eles?
Xustifica as túas respostas

2. ¿A que tipo de teatro pertence esta obra? ¿Por qué?

Formas de expresión: a linguaxe literaria

3. Este texto pertence a unha época na que aínda non se abordara a normalización da lingua galega e por iso cada escritor reflectía nas súas obras os trazos propios da fala da súa zona. ¿Cal é o caso no fragmento desta obra teatral? ¿Emprégase un rexistro coloquial na conversa dos personaxes? ¿Por que?

Creación

5. Representade en grupos esta escena teatral coa entonación e xesticulación adecuadas. Haberá premio para o grupo gañador.

ACTIVIDADE 12: 0 cómic. Introducción (I)

O cómic

O cómic é un tipo de narración acompañada de imaxes e debuxos. Nestas narracións as mensaxes que transmiten os debuxos complementan ás das palabras que aparecen no texto, ditas polos personaxes en forma de diálogo ou polo narrador.

O cómic é unha narración ilustrada que utiliza dúas linguaxes: a icónica e a verbal.

O relatado nos cómics preséntase en viñetas, que son cada un dos debuxos que, paso a paso, presentan as escenas da historia. Ó facer unha viñeta dun cómic, o ilustrador tamén decide cal é o encadramento da escena e que imaxes quere debuxar, é dicir, o tipo de plano que hai nesa viñeta. Estas escenas agrúpanse en tiras. O conxunto de tiras que presenta unha páxina denomínase plana.

As palabras que pronuncian ou pensan os personaxes da historia aparecen envoltas en globos. Estes poden ser de diferentes tipos segundo se o personaxe fala normalmente, en voz baixa, berrando, ou se falan varios á vez. Se o personaxe non emite as palabras senón que as pensa, tamén existe un tipo de globo determinado para envolverlos pensamentos. Á súa vez as palabras do narrador aparecen dentro de cartelas. As viñetas que só conteñen texto denomínanse cartuchos.


Nos cómics podemos ver tamén Tiñas cinéticas e metáforas visuais. As primeiras axudan a dar sensación de movemento, sinalando, por exemplo, a traxectoria dunha persoa que se move. Tamén poden acompañala representación de rúidos xunto ás onomatopeas. As metáforas visuais ou ideogramas expresan estados de ánimo ou sensación que proceden de metáforas que xa existen na linguaxe verbal (*ve-las estrelas*: dor; *atender unha lámpada*: idea).

Para elaborar un cómic:

- Concreta a historia que queres contar. Lembra que debe ter unha introducción, un desenvolvemento e un desenlace. Tamén é fundamental que teñas claro cal debe ser a caracterización dos personaxes (aspecto físico, expresións, vestuario...) e o lugar e tempo da acción.
- Secuencia a historia de xeito que calcules e deseñes cantas viñetas necesitarás para contala.
- Anota a descrición de cada viñeta: a imaxe, o tipo de plano, os símbolos visuais, os textos, o tipo de globos, as cores...

1. ¿Con que frecuencia les cómics? ¿Qué tipo? ¿Podes mencionar algúns títulos? ¿Es aficionado a debuxalos?

A pasaxeira misteriosa



1. Explica cal é a historia que se conta nestas viñetas

Formas de expresión: a linguaxe literaria

2. Identifica os distintos tipos de planos e encadramentos que presenta cada unha das viñetas e a modalidade e función dos globos que aparecen no seu interior.

3. ¿Aparecen tiñas cinéticas e metáforas visuais nestas tiras? Localízalas e explica que representan.


Creación

4. Inventa unha continuación para esta historia que deberás elaborar en forma de cómic.




ACTIVIDADE 14: O cómic. Creación (III)





1. A continuación, organizarédevos en grupos. Repartiranvos dous tipos de tiras de cómics que deberedes completar coa vosa imaxinación. Pertencen a *Golfiño* e a *Asterix O Galo*. Lembra que as intervencións dos globos deberán ser acordes coas imaxes.





Asterix & Jalo





ACTIVIDADE 15: Creación dun conto a través de imaxes

"De como veu a Rianxo unha balea"

1. Elaborade en grupos un relato curto a partir das imaxes que a continuación se vos entregarán. Na segunda fase do exercicio, poderedes ler o relato auténtico.







4



25

5





